

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA
PARA ACTUACIÓNS EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

En Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2017

REÚNENSE

Don..., conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, publicado no DOG número 13, do 18 de xaneiro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Don... Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, que actúa en nome e representación desta institución en virtude do establecido no artigo 36.1.f dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio) e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro) e do seu nomeamento como reitor polo decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 1/2016 do 8 de xaneiro publicado no *Diario Oficial de Galicia* do 11 de xaneiro de 2016

EXPOÑEN

1. Que ambas as dúas institucións consideran como referente normativo básico da súa actuación o artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia e o artigo 15 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, segundo os que o profesorado e o alumnado no nivel universitario teñen o dereito de empregar a lingua oficial da súa preferencia. O Goberno galego e as autoridades universitarias arbitrarán as medidas oportunas para normalizar o uso do galego no ensino universitario e facer efectivo este dereito para o alumnado.

2. Que no ámbito da Administración autonómica galega, lle corresponden á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, as competencias en materia de promoción e ensino da lingua galega. O compromiso das tres universidades galegas neste proceso resulta transcendental e así o constatan os seus propios estatutos, onde o galego ten o carácter de lingua oficial.
3. Que as partes son conscientes da responsabilidade que teñen de colaborar no proceso normalizador, así como na implantación das medidas do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, destinadas a promover un maior nivel de galeguización no ámbito universitario, tanto na docencia e investigación como no que se refire ás relacións extraacadémicas e tamén, de *colaborar* no desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 4 de agosto de 2016, que responde á necesidade de poñer en práctica medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, tarefa na que deben colaborar todas as institucións e entidades, públicas e privadas, entre elas, as universidades galegas.
4. Que é vontade de ambas as institucións colaborar para promover e fomentar o uso do galego en todos os planos da actividade universitaria galega, para o que levará a cabo as medidas dinamizadoras dirixidas ao persoal, tanto profesorado como alumnado e de administración e servizos, co fin de conseguir normalizar a presenza da lingua galega na Universidade da Coruña.
5. Que neste sentido, a Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña xa asinaron no ano 1991 un convenio marco de colaboración para desenvolver diversas actuacións para conseguir a normalización lingüística no ámbito universitario.

Logo do tempo transcorrido, e como queira que as dúas institucións manifestaron a súa vontade de continuar colaborando, considerouse conveniente asinar convenios anuais para establecer o marco de actuación de ambas as institucións en materia de política lingüística.

6. Que, para levar a cabo as actuacións que se prevén neste convenio, pola singularidade do seu obxecto, características e ámbito de actuación, non é posible promover a concorrência pública, pois a Universidade da Coruña é unha institución cunha estrutura de goberno, autonomía e competencias propias establecidas por lei orgánica e polos seus propios estatutos.

Polo anteriormente exposto, acordan asinar un convenio de colaboración para o ano 2017 que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a Universidade da Coruña para colaborar no desenvolvemento de iniciativas conxuntas para prestixiar e promover no ensino universitario a estima do galego como feito diferencial da nosa comunidade autónoma.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a promover un maior nivel de galeguización das universidades galegas, tanto na docencia, investigación e alumnado como no que se refire a relacións extra académicas.

Segunda.- Obrigas da UDC

Como compromisos ás obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, do Plan xeral de normalización da lingua galega e do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, mediante a sinatura do presente convenio, a UDC comprométese a levar a cabo durante o ano 2017 as seguintes accións, que se engloban

dentro das seguintes epígrafes:

1. Convocatoria premios entre a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo.
2. Axuda a realización de teses de doutoramento, traballos de fin de mestrado, traballos de fin de grao e proxectos fin de carreira.
3. Curso de verán sobre dinamización lingüística, dirixido á comunidade universitaria e a outros colectivos, alleos á UDC, interesados na dinamización lingüística e na normalización da lingua galega.
4. Cursos de verán de Lingua e Cultura Galegas para Persoas Estranxeiras sen vínculo coa UDC, que son financiados na súa totalidade coa achega da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

O programa de actuacións e actividades que se desenvolverán no ano 2017 xúntase como anexo e forma unha parte íntegra deste convenio.

A UDC comprométese a publicar e difundir debidamente os materiais científicos ou didácticos en galego obxecto deste convenio en soporte papel e na páxina web para poñelos á disposición dos investigadores e do público en xeral.

Terceira.- Financiamento

O importe total das actividades previstas no presente convenio ascenden a un total de **corenta e sete mil euros (47.000,00 €)**, que será sufragado coa achega de ambas as dúas partes coa seguinte desagregación:

1.- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, contribuirá no desenvolvemento das actividades previstas no presente convenio cunha achega total por importe de **vinte e tres mil cincocentos euros (23.500,00 €)**, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, que se destinarán ás seguintes accións desagregadas nas seguintes partidas orzamentarias:

Actuacións de dinamización: Premio Luísa Villalta, e axudas para a realización de teses

de doutoramento, traballos de fin de mestrado, traballos de fin de grao e proxectos fin de carreira: **seis mil euros (6.000,00 €)**, con cargo á partida 10.30.151A.640.0.

-Actuacións de formación: Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística e cursos de verán de lingua e cultura galegas para persoas estranxeiras: **dezasete mil cincocentos euros (17.500,00 €)**, con cargo á partida 10.30.151A.640.2, que se destinarán ao pagamento do profesorado que imparte os cursos.

De non alcanzarse o total do orzamento das actividades, a achega da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria reducirase proporcionalmente.

2.- A Universidade da Coruña valora os custos de realizar as actividades en **vinte e tres mil cincocentos euros (23.500,00 €)** en concepto de:

- Axuda á realización de teses de doutoramento, traballos de fin de mestrado, traballos de fin de grao e proxectos de fin de carreira: **catorce mil euros (14.000,00 €)**, con cargo á partida **0100.44.0093.422D.480.09**.
- Realización do Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística: **tres mil euros (3.000,00 €)**, con cargo á partida **0100.44.0093.422D.226.06**.
- Traballo dos técnicos do Servizo de Normalización Lingüística (que se aboa mediante nómina mensual) para que as actividades previstas no convenio poidan levarse a cabo, con cargo ao capítulo I: **seis mil cincocentos euros (6.500,00 €)**, con cargo á partida orzamentaria **1000.422D.130.00**.

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Ambas as dúas partes convenientes, compartirán a titularidade e a explotación dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terá carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

Cuarta.- Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

Para percibir a cantidade que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e que se indica na estipulación anterior, a UDC presentará electronicamente, coa data límite do 30 de novembro de 2017, a seguinte documentación:

- Certificación (dúas copias) do/da xerente da Universidade da execución das actividades do convenio, xunto coas correspondentes notas de cargo emitidas polo servizo correspondente da UDC.
- Un informe (unha copia en soporte papel e unha copia en soporte dixital) de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.

A entidade procurará utilizar o idioma galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento, deberá presentar:

- Certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

A UDC facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como pola Intervención Xeral da Comunidade

Autónoma, Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Quinta.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Sexta.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2017. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

Sétima.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- Por incumprimento total ou parcial dalgún dos seus acordos.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as accións acordadas

De se resolver o convenio, a consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pode, se fose o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas e os correspondentes xuros.

Oitava.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas que vaian desenvolver as accións previstas no acordo primeiro e a Xunta, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha –nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Novena.- Comisión de Seguimento

Créase unha comisión de seguimento que supervisará e avaliará a correcta execución das actividades obxecto do presente convenio, constituída por dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística e dous representantes da UDC. Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes de Política Lingüística, estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Décima.- Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo primeira.- Utilización da lingua galega

Todas as actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

Será considerada causa específica de resolución deste convenio o incumprimento desta cláusula.

Décimo segunda.- Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Así mesmo, sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

Décimo terceira.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo cuarta.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación do Real decreto legislativo, 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos na citada lei, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta a Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma verificará a correcta aplicación destas achegas mediante a aplicación das técnicas de fiscalización e auditoría previstas no Decreto Legislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da

Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e nas normas que a desenvolven e demais normativa vixente.

A posible discrepancia na aplicación e/ou interpretación deste convenio resolverase por diálogo directo entre as partes ou pola comisión de seguimento prevista na estipulación novena.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan tres copias deste convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

O Reitor Magnífico da
Universidade da Coruña

ANEXO

Achega da Secretaría Xeral de Política Lingüística

- XIV PREMIO LUÍSA VILLALTA (ENTRE A UDC, A USC E A UVIGO)
- Convocatoria e contía dos premios
TOTAL.....2.000,00 €
 - AXUDA Á REALIZACIÓN DE TESES DE DOUTORAMENTO, TRABALLOS DE FIN DE MESTRADO, TRABALLOS DE FIN DE GRAO E PROXECTOS FIN DE CARREIRA
TOTAL4.000,00 €
 - XIII CURSO DE VERÁN SOBRE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA
TOTAL4.000,00 €
 - IX CURSO DE VERÁN DE LINGUA E CULTURA GALEGAS PARA PERSOAS ESTRANXEIRAS
TOTAL..... 13.500,00 €
- TOTAL 23.500,00 €**

Achega da Universidade da Coruña

- AXUDA Á REALIZACIÓN DE TESES DE DOUTORAMENTO, TRABALLOS DE FIN DE MESTRADO, TRABALLOS DE FIN DE GRAO E PROXECTOS FIN DE CARREIRA
TOTAL14.000,00 €
 - XIII CURSO DE VERÁN SOBRE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA
TOTAL3.000,00 €
 - TRABALLO DOS TÉCNICOS DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN (ORGANIZACIÓN, ASESORAMENTO, MATERIAIS ETC.)
TOTAL 6.500,00€
- TOTAL23.500,00 €

TOTAL DO CONVENIO47.000,00€